

## Seres míticos

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *A Covas de Castañedo*

Na parroquia de Castañedo, no concello de Navia de Suarna (Lugo) están estas covas das que se conta a seguinte lenda. Do lugar de Río de Piñeira desapareceu unha nena sen que ninguén soubese como. Ó cumprírense sete anos, os veciños de Río de Piñeira sentiron o cantar dunha moza. Viña do lado das Covas de Castañedo, e dicía: - Rapaciñas de Río de Piñeira, siete moritos me tienen aquí; hace siete años, tengo siete hijos, todos son muy guapos, todos están alrededor de mi. Fórona buscar e trouxérona para a casa. Dos fillos e dos "moritos" non se sabe que foi.

**Nota:** Véxase a relación coa lenda "[Lenda da cova dos mouros do Muradal](#)"

## BIBLIOGRAFÍA

Arquivo Chaira: Información de Antonio Fernández Fernández, O Castro, Arroxó, A Fonsagrada (Lugo). 30 de setembro de 1998.

Cuba Rodríguez, X. R., Reigosa Carreiras, A., "*Xeografía mítica da provincia de Lugo (I): Cen lugares con lenda*", en Croa, nº8, 1998, pp. 42-63.

Iglesias, B. (Mero) e Rivas, X. L. (Mini) Somos lenda viva. Lendas para rapaces, Lugo, Citania, 1996.

## COMENTARIOS ENVIADOS

Mi madre me decía que los moros escondidos en "As Covas" de Castañedo, raptaban mozas y no volvían a saber de ellas. Soy nacida en Castañedo.

Enviado por Carmen tajedo o 11/05/2008 ás 23:55:11